



CAMBIOS IMPORTANTES DA ABAU 2020

Deseguido enumeramos os cinco cambios máis importantes na ABAU de 2020:

- 1) **Os exames terán lugar os días 9, 10 e 11 de xuño e 7, 8, e 9 de xullo (martes, mércores e xoves en ambos os casos, que é distinto ao que se viña facendo).**
- 2) Como novidade, **amplíase o horario de exames da ABAU, que inclúe a tarde do terceiro día** (11 de xuño e 9 de xullo). Esta nova franxa horaria está **reservada para posibles incidencias que poidan xurdir.**
- 3) Para evitar a difícil decisión que existía dos dous procesos para subir a cualificación, **xúntanse nun único proceso as «Reclamacións», as «Segundas correccións» e as «Reclamacións á segunda corrección» que pasan a chamarse «Revisión».**

Neste novo proceso único de revisión procédese do seguinte xeito: no prazo de tres días contados a partir da data de publicación das cualificacións o alumnado, pais, nais ou titores/as legais poderán solicitar a revisión da cualificación obtida nun ou en varios exames.

En primeiro lugar, analízase se houbo algún erro material na corrección do exame da persoa interesada (sumas mal calculadas ou preguntas sen corrixir). No caso de existir algún erro material, modificarase a cualificación, tanto á alza como á baixa. A cualificación provisoria obtida, indicada por P, pasa a ser a nova cualificación despois de modificar segundo o erro material detectado. No caso de non haber erros materiais, mantense como cualificación provisoria a cualificación orixinal, tamén indicada por P.

Deseguido, realízase unha segunda corrección por un novo corrector/a especialista distinto ao que efectuou a primeira corrección. Se esta segunda cualificación, indicada por S, ten unha diferenza menor de dous puntos, a cualificación definitiva será a media aritmética entre S e P, nomeadamente $(S+P)/2$. No suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre ambas as cualificacións (P e S), un terceiro profesor/a especialista distinto dos anteriores efectuará unha terceira corrección, indicada por T. Neste caso, a cualificación definitiva será a media aritmética das tres cualificacións, nomeadamente $(P+S+T)/3$.

- 4) Coa intención de poder ter **catro** chamamentos antes de rematar o mes de xullo e facilitar a matrícula do alumnado, **os chamamentos para a matrícula realizaranse en dous días** (desde as 00.01 h do primeiro día ata as 23.59 h do segundo día), no lugar de dous días e medio que se viña facendo.
- 5) Despois de rematar cada chamamento, no caso de non ser chamado a matrícula, **será preciso reconfirmar o interese en seguir nas listaxes da CiUG** (cambio motivado pola mobilidade de estudantes en determinadas titulacións).

DATAS DE REALIZACIÓN DA ABAU 2020

XUÑO DE 2020						
L	M	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	21	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

XULLO DE 2020						
L	M	Me	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

CHAMAMENTOS PARA A MATRÍCULA DE 2020

		Número de chamamento	Data de chamamento	Matrícula	Matrícula	Matrícula	MES		
ABAU ORDINARIA	PRAZOS	1.º	14 (martes)	15 (mércores)	16 (xoves)		XULLO		
		2.º	20 (luns)	21 (martes)	22 (mércores)				
		3.º	24 (venres)	25 (sábado)	26 (domingo)	27 (luns)			
		4.º	29 (mércores)	30 (xoves)	31 (venres)				
		5.º	25 (martes)	26 (mércores)	27 (xoves)			AGOSTO	
		6.º	31 (luns)						
					1 (martes)	2 (mércores)			SETEMBRO
7.º	4 (venres)		5 (sábado)	6 (domingo)	7 (luns)				

		Número de chamamento	Data de chamamento	Matrícula	Matrícula	Matrícula	MES	
ABAU EXTRAORDINARIA	PRAZOS	5.º	25 (martes)	26 (mércores)	27 (xoves)		AGOSTO	
		6.º	31 (luns)					
					1 (martes)	2 (mércores)		SETEMBRO
		7.º	4 (venres)		5 (sábado)	6 (domingo)	7 (luns)	